

Editar poesía civil en galego no ano 1968

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2004]). “Editar poesía civil en galego no ano 1968”. En Celso Emilio Ferreiro, *Viaxe ao País dos Ananos*. Vigo: Xerais, 7-15. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/534>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2004). “Editar poesía civil en galego no ano 1968”. En Celso Emilio Ferreiro, *Viaxe ao País dos Ananos*. Vigo: Xerais, 7-15.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

EDITAR POESÍA CIVIL EN GALEGO NO ANO 1968

Xesús Alonso Montero

*Dedicado ó poeta José Batlló,
abnegado e eficaz editor de poesía en tempos moi calamitosos.*

Nestas datas, Celso Emilio Ferreiro reside en Caracas, a onde chegara, «semiexiliado», en xuño de 1966. Alí prepara o libro que hoxe Xerais, en enésima edición, ofrece ó público, nesta ocasión cun estudo introdutorio de Armando Requeixo. Estas páxinas e as notas á edición sitúan axeitadamente ó autor dos poemas, axudan a intepretalos e orientan sempre. Pero este meu prólogo non pretende ser un segundo estudo.

O meu prólogo titúlase, precisamente, «Editar poesía civil en galego no ano 1968», cuestión á que van responder, en parte, cartas de Celso Emilio a min, cartas que cómpre situar no peculiar reinado, como ministro de Información, de Manuel Fraga Iribarne.

I. En Barcelona, na colección «El Bardo», van a publicar *Longa noite* coa tradución ao castelán feita por Basilio Losada. Estou contente. Espero que esté na rúa denantes do Día das Letras Galegas. Teño [8] meio rematado outro libro que non sei a quen ofrecerllo, pois a Galaxia supoño que non lle interesará como tampouco lle interesou editar unha segunda edición de *Longa noite*, nin xamais me preguntou si tiña algunha cousa feito. Piñeiro tenme atragantado e nunca me dará facilidades. Non son santo da sua devoción. (15-III-1967)

«El Bardo», en efecto, publica en 1967 a primeira edición bilingüe de *Longa noite de pedra*, que é a segunda do libro. (A primeira, monolingüe, saíra en Vigo cinco anos antes, en outubro de 1962). É de xustiza dar a coñece-lo que José Batlló, director desta importantísima colección de poesía, ten dito verbo do libro de Celso Emilio: «El “bet-seller” de la colección. Tuvo sus problemillas, claro (5 supresiones, que fuimos obviando lo mejor que supimos; el libro ya se había editado íntegro en gallego), pero fue un auténtico bombazo. Perdí la cuenta de las ediciones que se hicieron y de los ejemplares que se vendieron. Memoria y gratitud eterna deben los poetas de mi generación a Celso Emilio Ferreiro»¹.

Traducido a diñeiro, o que Batlló quere dicir é que o froito económico das vendas de *Longa noite de pedra* permitiulle publicar na súa colección, «El Bardo», autores e títulos que, sen esa axuda, quedarían, daquela, inéditos. Noutra páxina da súa *Memoria* reconece a axuda material «de Joaquín Horta en instantes claves. O de Celso Emilio Ferreiro» (p.

¹ *El Bardo* (1964-1974). *Memoria y antología* (ed. de José Batlló), Barcelona, Los Libros de la Frontera, 1995, p. CXVII.

LXXXIII). Consultado Batlló, por min, a este respecto, declarou que Celso Emilio renunciara ós dereitos de autor de *Longa noite de pedra*, medida da que se beneficiou a colección para publicar autores e títulos «menos comerciais». De aí o recoñecemento e a efusión de José Batlló: «memoria y gratitud eterna deben los poetas de mi generación a Celso Emilio Ferreiro».

[9] Entre 1964 e 1974, os 102 volumes de poesía publicados por Batlló, sempre con dificultades económicas e políticas, constitúen o capítulo máis rico e fermoso da edición de poesía (hispanica) en España.

Recibida a carta de Celso Emilio, púxenme á fala con Ciencia Nueva, de Madrid, editorial que acababa de acoller, entre as súas coleccións, a de poesía «El Bardo». O propio Batlló recoñece que esta alianza «tuvo aceptables resultados editoriales y de difusión», se ben economicamente, foi «un desastre» (p. CXVIII). Cómpre aclarar que Ciencia Nueva, para Fraga Iribarne, ministro de Información e Turismo, era unha editorial de «inspiración comunista». Sen entrarmos en matices, Fraga non estaba mal informado, como correspondía ó seu cargo. Eu tiña fío directo coa editorial na persoa de Jaime Ballesteros, que, anos despois, sería vicesecretario xeral do Partido Comunista de España. Jaime Ballesteros, peza esencial de Ciencia Nueva, dirixía, na editorial, a colección «Los Complementarios» de Autores Españoles Contemporáneos, na que eu publiquei, precisamente no ano 1968 (a finais), *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*, libro moi ben acollido pola progresía marxistizante de tódalas Españas durante varios anos (hai, mesmo, edicións piratas). Nestas datas (decembro do 68), Fraga Iribarne, no contexto dun estado de excepción, suspendeu as actividades de Ciencia Nueva, pero *Viaxe ao País dos Ananos* xa estaba na rúa desde había algunhas semanas. E con non pouco éxito.

Debo engadir que Batlló, que nunca militou no Partido Comunista, coñecía ben a orientación de Ciencia Nueva, coa que colaborou, como compañeiro de viaxe, moi conscientemente. Hai días recoñecía-me que o fixo, como responsable da colección de poesía con total autonomía.

II. Teño un libro preparado. Fállame samente darlle os derradeiros toques. Denantes de quince días teralo no teu poder. Fólgame moito [10] a posibilidade de publicalo agora. Dille, pois, aos amigos de Ciencia Nueva a noticia. Tamén teño outro en castelán que verei de publicalo eiquí ou en Bós Aires, xa que aí non é doado [...] Mándame noticias. Folgarame moito que o libro vaia prologado por ti. Tamén podes ser ti o tradutor, xa que a min non se me dá ben a cousa. (29-I-1968)

Cando Celso Emilio se refire ós «amigos de Ciencia Nueva», non está alleo ó perfil ideolóxico dunha boa parte da dirección da editorial. Convén aclarar, sen embargo, que nesas datas concretas Celso Emilio non é militante do PC; fórao, dun xeito un tanto informal, de 1961 ou 1962 a 1964, ano no que funda (o 25 de xullo) con Méndez Ferrín, Luís Soto e outros a Unión do Povo Galego². Celso Emilio, nembargantes, tivo sempre bo trato co Partido Comunista, especialmente con algúns militantes (eu, entre eles).

En ningunha carta Celso Emilio puxo reparo ó feito de publicar un poemario seu, xa na primeira aparición, en edición bilingüe. El sabe que ten un público hispánico, pois neste momento xa está na rúa a segunda edición bilingüe de *Longa noite de pedra*, as dúas de «El Bardo». O poeta, pois, co novo libro, volve á casa amiga e eficaz.

²Vid. o meu *Celso Emilio Ferreiro*, Madrid, Júcar, 1981, pp. 20-21.

III. Fólgame moito o que me dices do *Viaxe*. Ti sabes que hai un intre no que o autor dun libro, á forza de darlle voltas, remata por incapacitarse prá súa valoración. Un óllase nel, pro non sabe si a imaxe é boa ou mala. (2-IV-1968)

Nos dous meses transcorridos desde a carta do 29 de xaneiro, eu non só recibira o libro (un orixinal mecanografado) senón que xa lle fixera algunhas preguntas como tradutor e, tamén, como editor [11] literario do texto. Véxanse algunhas respostas do autor na mesma carta do 2 de abril:

Paréceme ben que o libro vaia agrupado en dúas partes: unha cos poemas do *Viaxe*, incruído o «Limiar», e na outra, o resto. Creo que foi así como eu cho propuxen na carta que che escribín aos poucos días de mandarche o orixinal [...]. [Non sempre me (nos) chegaban as cartas de Celso Emilio].
O libro mecanografioumo un rapaz galeguista (que, nestes días, debe andar de viaxe por Galicia) que, seguramente, correxiu algunhas verbas con arreglo ao seu galego de diccionario de don Eladio. Agradecereiche vixiles e corrixas estes defeutos, e, sobor de todo, unifiques o linguaxe.

Pequena, moi pequena, foi a miña intervención lingüística, sempre, nos casos de certa importancia, suxeridos ó autor.

Supoño que recibín a carta de Celso Emilio arredor do 10 de abril, e en abril (a finais, creo) asino, en Lugo, o prólogo de *Viaxe ao País dos Ananos*. A palabra máis litixiosa foi precisamente «ananos», pola que optou despois de rexeitar, non sen esforzo, «enanos» (e «ananuxos»).

IV. ¿Qué pasa co meu *Viaxe*... Nada me dis, nin me di Batlló, i eu estou un tanto preocupado, por si hai problemas de censura ou de outra crase calquera. (23-VI-1968)

As sospeitas de Celso Emilio non eran infundadas. Coa Censura, en efecto, batera o seu libro.

Xa aquí, non será inútil un breve excursio sobre as actividades censoriais exercidas nestas datas polo Ministerio de Información e [12] Turismo, carteira que desempeñou Manuel Fraga Iribarne desde o 11 de xullo de 1962 ó 29 de outubro de 1969. foi Manuel Fraga o pai, entusiasta, da Lei de Prensa e Imprenta promulgada o 18 de marzo de 1966, chamada, coloquialmente, daquela, «a Lei Fraga», Lei –reza o artigo 3– que derogaba a censura previa. A curiosa Lei establecía a «Consulta voluntaria previa», arma de dous fíos nun Estado non democrático no que a liberdade de expresión –tal como reza o artigo 2– tiña que acata-la «Ley de Principios del Movimeinto Nacional y demás Leyes Fundamentales».

Batlló sufriu tamén esta nova arma. Non hai moito contábame que, promulgada a Lei Fraga, publicou en «El Bardo», sen pasar pola alfándega ministerial, un libro do poeta catalán Joaquim Horta, que foi, de contado, secuestrado. No sucesivo, cando Batlló sospeitaba problemas, presentaba o libro no Ministerio, que, en non poucas ocasións, remitía un oficio con este eufemismo disuasorio: «... no es aconsejable la edición de la obra...». Algo sei eu, pois en setembro de 1967 recibín este oficio respecto dunha antoloxía que titulara *Trenta anos de poesía crítica (1936-1966)*³. Tamén recibiu o editor (Carlos Vázquez, de Gráficas

³ Vid. o meu art. «Un libro meu, de 1967, e a censura ‘de’ Fraga Iribarne», en *Liber: de libros y libertades. Homenaje al librero Enrique Molist*, A Coruña, Universidade da Coruña, 1999.

Tanco, Ourense) un exemplar do libro cun «palabro» ministerial en maiúsculas: «DENE-GADO». Este participio aclaraba o significado de «no aconsexable» no texto do oficio.

En ocasións, un libro só era «desaconsellado» parcialmente, e este foi o caso de *Viaxe ao País dos Ananos*.

A fins de xuño –data da carta de Celso Emilio– Batlló estaba de cheo na liorta cos funcionarios da famosa Consulta voluntaria previa, que rexeitaron catro poemas: «Índices estadísticos pra un Plan de Desenrolo», «Telegrama sin destiñatario», «Proieuto final» e [13] «Anaina pra o Che Guevara». Non se publicou tampouco o primeiro poema da segunda parte do volume, «Carta a Papá do Ceo», que xa aparecera, en castelán, no poemario clandestino *Voz y voto* (1955). Eu fun o censor⁴.

V. Sinto moito as noticias que me dás do meu libro. De tódolos xeitos, si o teu criterio e o do editor é que o libro salla, por min non hai inconveniente. (3-VIII-1968).

Nada sei do meu *Viaxe* i estou un pouco preocupado pensando que non vai saír por calquera razón que descoñezo. Comprendo que o libro, despois da «poda», quedou abondo deteriorado, pero eu quixera ter noticias concretas pra, en caso de dificultás, publícalo en Buenos Aires enteiro. (28-IX-1968)

Eu creo que a supresión dos poemas mencionados non afectaba esencialmente ó espírito e á entidade do libro, e, de ningún modo, á Primeira parte, a máis orixinal (e a máis combatida: Fernández Ferreiro, Luís Seoane...). A idea de publícalo en Buenos Aires, «enteiro», a única digna desde o punto de vista literario, implicaba botar á rúa un poemario condenado a ter unha circulación moi restrinxida, sobre todo en España. Batlló, instado por min, non recuou, e, antes de finalizar 1968, o libro estaba na rúa e non tardou en reeditarse (1970 e 1972, as dúas reimpresións en «El Bardo»).

Cómpre aclarar que a primeira edición completa de *Viaxe ao país dos ananos* e a que preparou A(rturo) R(eguera) L(ópez) para a editorial Sálvora (Santiago, 1983), edición que tamén acolle o poema «Carta a Papá do Ceo». Eu prologueina e proporcioneille a [14] Arturo Reguera, excelente coñecedor da poesía de Celso Emilio, o texto orixinal deste libro.

VI. Por avión chegoume un exemplar de *Viaxe*, fresca aínda a tinta das tapas... Sinto as mutilacións sufridas; creo, sen embargo, que o libro será ben acollido... O poema «Carta a Papá do Ceo», incluíno no *Viaxe* despois de retocalo un pouco, porque, sendo moi de meu gusto, pensaba que, practicamente, estaba inédito debido á escasísima difusión que *Voz y voto*, onde, nefeuo, o publiqué en castelán aínda que a súa primeira redacción foi en galego⁵. Recorda que tiñas «carta branca» para facer o que o teu criterio dispuxese. Por outra parte, penso que, certamente, ti estás en mellores condicións ca min para xulgar as cousas e os matices. (6-I-1969)

Teño nas miñas mans un exemplar da primeira edición de *Viaxe ao País dos Ananos* e cabo de le-lo meu prólogo (pp. 9-27), no que non sempre me recoñezo. Parágrafos hai nos que percibo o esforzo autocensorio con que escribín hai 36 anos nas coordenadas do fraguismo, pero hai secuencias que, hoxe, sóanme raras. Noutro lugar xa expliquei que os funcionarios chataron algunhas frases e outras tívenas que edulcorar⁶.

⁴ Vid. o que digo no libro cit. na n.2, p. 120, e exposto por C. E. F. na carta do 6-1-1969.

⁵ Vid. n. 4

⁶ Vid. *op. cit.* na n. 2, p. 119.

Na segunda lapela desta primeira edición Batlló publica unha relación de 16 libros en preparación, titulado un *Antología de la poesía gallega*. Trátase, sen dúbida, da *Poesía gallega contemporánea*, preparada por X. L. Méndez Ferrín, título que Batlló, no seu libro sobre «El Bardo», consigna nunha lista de dezanove «cuya edición fue desautorizada o desaconsejada por la censura franquista-fraguista» (p. CXLVII). O profesor Xosé M.^a Dobarro Paz atopou no [15] Arquivo da Administración (Alcalá de Henares) o texto da *Antoloxía* de Méndez Ferrín e mais o da preparada por min un ano antes para Gráficas Tanco de Ourense. En cadanseu expediente figuran os informes «literarios» dos funcionarios do Ministerio. Teño noticias de que ámbalas dúas antoloxías (cos informes correspondentes) serán publicadas axiña, cun estudio preliminar do profesor Dobarro, por Xerais en coedición coa Universidade da Coruña.